



Programa de préstamo de bicicletas da UDC

Avaliación do servizo durante o curso 2019/2020

Índice

1. O programa de préstamo de bicicletas da UDC
2. Distribución das solicitudes e das bicicletas entregadas
3. A opinión previa das persoas usuarias
4. Valoración do servizo polas persoas usuarias
- 4.1. O estado das bicicletas devoltas
5. Conclusión

1. O programa de préstamo de bicicletas da UDC

O préstamo de bicicletas é un programa que leva a cabo a Oficina de Medio Ambiente (OMA) da Universidade da Coruña (UDC) coa participación do persoal bolseiro de medio ambiente e a colaboración da Asociación por unha Mobilidade Responsable Mobi-Liza.

Con este programa de préstamo preténdese fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte entre a comunidade universitaria, especialmente como medio con que poder desprazarse á UDC.


Deste xeito, proporciónaselles un vehículo adecuado para estas funcións (completamente equipado) ás persoas que así o solicitaren. Paralelamente realízanse programas formativos e informativos que pretenden facilitar e incentivar o uso efectivo das bicicletas concedidas. A concesión das bicicletas foi realizada por orde de solicitude, como en anos anteriores.

Cos datos recollidos das solicitudes e enquisas realizadas a aquelas persoas que participaron neste programa, ás que lles foi concedida unha bicicleta, podemos analizar o funcionamento do servizo tanto no tocante á súa efectividade en relación cos obxectivos propostos como no relativo ao grao de satisfacción acadado polas persoas usuarias.

2. Distribución das solicitudes e das bicicletas entregadas

Dos datos sacados das solicitudes podemos dicir que o interese polo programa de préstamo de bicicletas está equilibrado entre xéneros, sendo lixeiramente maior entre as mulleres, que representaron o 55 % da demanda.

Recibíronse en total 199 solicitudes, procedentes de todos os Campus e grupos de comunidade universitaria da UDC.



A procedencia principal (61% das solicitudes) foi dos Campus de Elviña e A Zapateira, co 49 e 12% respectivamente, e representada principalmente polo alumnado (88% das solicitudes), gardando as proporcións esperábeis dado que a maior parte da comunidade universitaria está composta por alumnado que estuda en Elviña e A Zapateira. Os PAS e PDI que fixeron a solicitude representaron o 12% de toda a UDC.

Logo de pasar unha revisión inicial e posta a punto, o parque dispoñíbel no curso 2019/2020 foi de 62

bicicletas (10 en Campus Ferrol), que se repartiron por orde de solicitude e resultando o 82% para alumnado e 18% para PAS/PDI. As pequenas diferenzas entre solicitudes e entregas débense maiormente a dous factores, primeiro a unha distribución desigual na orde de solicitudes, xa que as concesións se dan en boa medida no primeiro tramo das solicitudes, e logo tamén ás renuncias ao préstamo, que pode afectar de forma desigual segundo o elemento considerado.

	Solicitudes (%)	Entregas (%)
Alumnado	88,0	82,0
PAS/PDI	12,0	18,0
Campus Coruña	81,4	83,8
Campus Ferrol	18,6	16,2

3. A opinión previa das persoas usuarias

Ao comezo do servizo as persoas usuarias cubriron unha enquisa para coñecermos a súa opinión sobre a bicicleta como medio de transporte, fronte a outros medios máis habituais. O número de enquisas recollido foi reducido nesta ocasión: 20 respostas.

Procedencia

As persoas usuarias tiveron coñecemento do préstamo de bicicletas da UDC vía correo-e principalmente (57%), seguido do aviso por algún compañeiro ou compañeira (24%).

Cómo coñeciches este programa?




O 75% das persoas que cubriron a enquisa teñen como residencia habitual A Coruña, (sendo o resto de concellos limítrofes), das que o 20% xa residían antes na Coruña, mentres que o 80% son persoas desprazadas durante o curso escolar. Isto pon de manifesto que o servizo de bicicletas atende sobre todo unha necesidade das persoas que se trasladan temporalmente á cidade da Coruña para os seus estudos. De entre os beneficiarios, o 70% afirmou non posuír bicicleta propia.

Hábitos de mobilidade

Para os desprazamentos urbanos, a maioría das persoas que completaron a enquisa (85% estudiantado) din ir a pé diariamente ou con frecuencia (75%) seguido do bus (55%) e o coche (40%), e mais raramente utilizan a bici ou moto (25 e 5%, respectivamente). Os hábitos previos ao uso do servizo de préstamo da UDC, só o 10% das persoas respondeu utilizar diariamente a bicicleta como medio de transporte.

Deste resultado pode deducirse que as persoas que polo xeral utilizan medios de transporte ecolóxicos e amigables, como o autobús ou o desprazamento a pé, pretenden achegarse a outro medio de transporte que ata agora non consideraran como factible, a bicicleta, ben sexa pola súa sensación de perigo, o custo de adquirila ou a falta de infraestruturas adecuadas.

Uso habitual dos medios de transporte




A percepción da bicicleta como medio de transporte

Pasamos agora a analizar a percepción que se ten da bicicleta e a súa comparación fronte a outros medios de transporte, en relación cunha serie de parámetros definitorios.

Unha maioría considera que a bicicleta é unha boa opción para mellorar o tráfico urbano e a saúde (80%) e calidade de vida urbana (75%). Ademais nesta enquisa considérase máis cómoda que outras formas de mobilidade (60% das respostas) e só o 15% a considera lenta/moi lenta, ganando tamén a bicicleta en canto á percepción de eficiencia nos desprazamentos.

.. Como valoras o emprego da bicicleta nos desprazamentos urbanos comparado con outros medios de transporte?




Como valoras o emprego da bicicleta nos desprazamentos urbanos comparado con outros medios de transporte?



A valoración ‘baixa ou normal’ para a probabilidade de accidentes e para a necesidade de esforzo físico no uso habitual da bicicleta, percíbese cun reparto ao 50% respecto á valoración ‘alta ou moi alta’ para estes ítems. Segundo isto, aínda que se percibe inseguridade ao montar en bicicleta quizais por non dispoñer de vías acondicionadas, compénsase coa metade das enquisas enviadas que non teñen esa sensación.


l. Como valoras o emprego da bicicleta nos desprazamentos urbanos comparado con outros medios de transporte?




A opinión das persoas participantes na enquisa sobre a capacidade da bicicleta para substituír o coche na cidade, mostra unha tendencia cara á posibilidade real de substitución, desde unha distribución ao 50% bici-coche (25% das enquisas) ata a substitución total ou maioritaria do coche pola bici (50%). Só unha persoa considerou que o coche é insubstituíbel, co que nesta cuestión se percibe unha sensibilización da futura comunidade ciclo-usuaria cara a mobilidade ecolóxica e sustentábel.

En canto ó uso da bicicleta como medio de transporte ou de lecer, mais da metade das persoas usan a bicicleta no seu tempo libre, os fins de semana e períodos vacacionais (55%), e só o 15% a usan a diario como medio de desprazarse. O 20% das persoas van iniciarse como ciclo-usuarias, cifra que se ten en conta na programación do servizo de préstamo de bicicletas da UDC, ofrecendo os obradoiros de formación necesaria en canto a ergonomía, mantemento da bicicleta e normas de circulación.

. Que opinas sobre a capacidade da bicicleta para substituír ao automóbil como medio de transporte na cidade?



. Usas a bicicleta como medio de deporte ou lecer:



No referente á situación actual en canto a facilidades de uso combinado da bicicleta con outros medios de transporte como o autobús ou o tren (intermodalidade), un 39% pensa que a facilidade do uso combinado é negativa e outro tanto pensa que o é positiva. O 22% restante opina que é neutra.

. Intermodalidade: como consideras a situación en canto a posibilidades de combinar a bicicleta con outros medios de transporte (bus, tren...):

Moi negativa	4
Negativa	3
Neutra	4
Positiva	7
Moi positiva	0



A cidade da Coruña e o uso da bicicleta


No relativo á consideración da cidade da Coruña como máis ou menos idónea para o uso da bicicleta, as persoas enquisadas opinaron sobre aspectos tais como a meteoroloxía, a orografía, as distancias, o tráfico, a preparación urbana para o uso da bicicleta como medio de transporte, e a información relativa ao uso da bicicleta.

Podemos observar que a xente é reticente ó uso da bicicleta debido a meteoroloxía. O tráfico e a orografía preséntanse como neutros ou so lixeiramente negativos (33-39% das respostas), mentres as distancia percíbense como positivas (83%).

O 44,4% identifica ao Concello con falta de preparación para o uso da bicicleta como medio de transporte habitual, e ao 39% non lles chega suficiente información.


Como valoras o lugar onde vives respecto ao uso da bicicleta:

Moi negativa Negativa Neutra Positiva Moi positiva



Consideras que o teu Concello está:

Nada preparado Pouco preparado Neutro Preparado Moi preparado



4. Valoración do servizo polas persoas usuarias

Ao final do servizo, os usuarios cubriron unha enquisa para coñecermos o uso real que fixeran da bicicleta emprestada, así como a súa opinión a respecto do servizo proporcionado pola UDC. Por tanto, estamos ante a medición, unha vez finalizado o préstamo, da efectividade real do servizo de préstamo de bicicletas. O número de enquisas recollidas no curso 2019/2020 foi de 29, que representan o 47% das bicicletas repartidas e procedentes o 59% do xénero feminino. En global deuse unha **puntuación media ao servizo de 4,38 sobre 5 puntos**.

Cambio de percepción no uso da bicicleta

Ante a pregunta “Despois deste ano, ves á bicicleta como medio de transporte para os teus desprazamentos”, o 62,1% das persoas responderon na enquisa “máis ou moito máis”, e o resto non cambiou a súa percepción previa, sen encontrarse ningunha resposta negativa, o que é indicativo da eficiencia do servizo de préstamo para aumentar a disposición ao uso da bicicleta.

Despois deste ano, ves a bicicleta como medio de transporte para os teus desprazamentos:

Moito mais	12
Mais	6
Igual	11
Menos	0
Moito menos	0



O uso que se lle deu á bicicleta


Aumentaron ao 31% as persoas que utilizaron a bicicleta nos seus desprazamentos diarios respecto a anos anteriores, que eran o 17 e 23% nos cursos 2016/2017 e 2018/2019 respectivamente. Con todo, non chega á metade (45%) a porcentaxe de ciclo-usuarias que ademais a utilizaran con frecuencia. Outro 31% constatou non ter utilizado nunca a bicicleta para ir á UDC, pero si para desprazarse pola cidade (só 1 persoa declarou non ter utilizado nunca para esta finalidade). Enténdese que o esforzo de mellora nos equipamentos e a ampliación do carril bici se traduce nun uso máis habitual da bicicleta. A pesar de dificultades para a chegada a algúns campus da UDC, o sistema de préstamo constitúe una ferramenta esencial para aumentar a presenza da bicicleta entre os modos de desprazamento ao campus na situación actual.

O uso da bicicleta para facer deporte e rutas de ocio foi menos habitual que para os usos anteriores, aínda que só o 20,7% das persoas marcaron non ter utilizado nunca para esta finalidade.

Se moitas das persoas utilizan a bicicleta a diario ou frecuentemente para desprazarse pola cidade (72,4%) e da cidade aos campus (48,3%), esta frecuencia diminúe intensamente nos días de choiva, caendo ao 20,7% o seu uso frecuente e só unha persoa

declarou seguir utilizando a bicicleta a diario a pesar da climatoloxía. Isto aconsella incidir na perfecta posibilidade do uso da bicicleta con chuvia se a persoa vai correctamente equipada.

Hábitos de mobilidade durante o período de préstamo:



Motivación da participación no programa e uso da bicicleta

As principais motivacións das persoas ciclo-usuarias neste curso para solicitar a bicicleta en préstamo da UDC foron, en primeiro lugar, a alternativa de desprazamento (34,5% por eficacia e rapidez, escapar de conxestións de tráfico, probar carril bici...), seguido da motivación económica (24,1%) e de coidado do medio ambiente (13,4%).

A continuación móstranse as opinións recibidas das persoas que responderon á enquisa:

Que che levou a participar no Programa de préstamo de bicicletas da UDC?

El prestamo de una bicicleta un año antes de un compañero de piso

Poder hacer uso de una bicicleta a tan bajo coste

Poder usar un medio de transporte más saludable para mi y respetuoso con el medio ambiente

Buscar una alternativa de desplazamiento

Necesidade da bicicleta

A proximidade do meu domicilio á Facultade e a existencia de carril bici

Non ter que traer a miña bicicleta da residencia de meus pais.

Poder dispoñer dunha bici para desprazarme que cumpla as miñas necesidades, como poder levar mochilas, que teña rodas finas e grandes, que poda quedar na porta da universidade sen estarme preocupando constantemente polo hurto ou danos...

O prezo

Paréceme unha boa iniciativa para motivar ao uso da bici se estas estiveran en bo estado

Gañar en saúde e cartos

Me gusta ir en bici

La comodidad que la bici supone para desplazarme a la universidad pero sin tener que comprarme una que quizás en un tiempo deje de usar

Adoito utilizar a bicicleta como medio de transporte, pero na Coruña non dispoñía de unha.

Probar o carril bici en A Coruña e ter un medio de transporte máis.

Me gusta moverme en bicicleta
 O poder ter un medio para desprazarme por a cidade
 O prezo
 O prezo
 Preocupación polo medio ambiente e aforro de cartos.
 O correo informativo que recibín. Estaba aforrando para mercar eu unha.
 Mellorar a miña mobilidade
 Que así no tenia porque desprazarme sempre en bus
 Reducir tempos en los desplazamientos diarios
 Aumentar a miña sostenibilidade e mobilidade
 Me parece una opción interesante para animarse a hacer más ejercicio a la vez que se cuida más el medio ambiente
 A posibilidade de ter unha bicicleta para usar dentro da cidade
 Poder desprazarme de una forma rápida y cómoda por la ciudad
 quería probar antes de dedidir comprar

Entre os aspectos positivos citouse de diferentes formas a calidade do servizo: en canto a trámites, asesoramento e período de préstamo (curso completo). O aspecto positivo que mais se repetiu nos comentarios foi a economía do servizo (24,1%), e o principal aspecto negativo mencionado foi o estado das bicicletas, en algúns casos deterioradas debido ao uso en cursos anteriores xa que non todas as persoas as coidan debidamente. Especificouse mal estado da bicicleta no 34,5% dos casos.

Aspectos positivos

Todo es postivo

La rapidez, el tiempo que te la dejan (bastantes meses) y la sencillez de los trámites para solicitarla

Buen servicio y calidad

Mobilidade

Baixo custe de alquiler da bici, aforro de tempo e diñeiro nos desplazamientos, engadir actividade física diaria

Facilidade de movemento

Empreguei a bici máis do habitual, chegaba a clase na metade de tempo que o transporte público...

A atención

Prezo e facilidade de acceso

Moi amables e boas explicacions das rutas para chegar ao campus.

Anima a hacer deporte

Aspectos negativos

Quizás la calidad de las bicicletas del prestamos ya que se ven bastante mal.

No están en un estado 100% óptimo

Nada

Antigüedad

Estado e tamaño moi grande das bicicletas

as zapatas do freo traseiro xa viñan bastante gastadas, a pata de cabra que tiña a bici (27.5" debe ser, bici grande) era moi corta

Roubáronme a bici

Estado das bicis

Ningun

La entrega se hace lejos

Disponer de bici por un precio muy asequible	Que dure solo el año académico y no se pueda disponer de ella hasta septiembre
Boa atención e asesoramento. Económico.	Algunhas bicicletas foron entregadas nun mellor estado ca outras.
Foron amables	Non me indicaron a ruta para saír do campus de forma segura coa bici.
Si uno no dispone de medios para comprarse una bici puede ser una opción barata de adquirirla por un tiempo	Las bicis y en concreto la que me tocó están en muy mal estado. La mía en concreto no permite usar las marchas porque están muy deterioradas
O uso da bicicleta cero contaminación	O non poder úsala moito mais por o problema do coronavirus
Todos	Ningún
Todos	Ningun
Redución da contaminación e aforro de cartos.	Non desfrutar da bicicleta durante o verán.
Bicicleta durante o curso académico de balde.	A bicicleta que se me entregou estaba en pésimo estado.
Mais liberdade de movemento, mais exercicio físico e menos remordementos ecoloxicos	Nengun
Utilizarla	Devolverla pq ahora no tengo bici :(
Un aspecto muy positivo fue la guía de iniciación con instructores por la ciudad	Nada
Aumentar a miña sustentabilidade e reducir os meus remordimentos ecolóxicos	A pobre accesibilidade en bicicleta do campus á distintas zoas da cidade como Matogrande/Monelos/Elviña ou Oza, onde residen moitos estudantes. Hai sempre tramos con moita perigosidade (por exemplo cruzar carreteras sen pasos de peóns, desniveis e ocos no pavimento, pasar por pontes ou túneles pouco seguros, inexistencia do carril bici unha vez se sae do campus ou mesmo dentro da maioría do mesmo, etc.
Dotar a alumnos de la posibilidad de disponer de una bicicleta	Creo que debería ser algo más difundido y que aquí en Galicia en Invierno, poca gente está dispuesta a desplazarse en bicicleta
Poder ter a bicicleta a tempo completo durante todo o curso	Desafortunadamente as bicicletas non sempre se manteñen no mellor estado
Disponer de una bici durante el curso	No le veo ninguno
La bicicleta está muy bien equipada y se ajusta a mis necesidades	yo no le veo ningún aspecto negativo si bien puede que alguna persona tenga problemas para guardarla de noche, pero no es mi caso

O estado das bicicletas devoltas

O estudantado devolveu as bicicletas a finais de xuño mentres parte do persoal devolveunas en setembro.

O estado declarado das bicicletas devoltas (é dicir, que non inclúe todos os defectos que despois se detectan durante a revisión e posta a punto das bicicletas) foi bo ou con defectos menores.

Na enquisa tamén se preguntou polo mantemento da bicicleta durante o curso, sendo o 27,6% as persoas que tiveron que facer algún tipo de arranxo e que consistiron fundamentalmente na posta a punto e mantemento por uso habitual: as principais foron as reparacións nas rodas (13,8% desinchadas, picadas) e o repostado de zapatas (10,3%). Aínda que poucas, o 7% das persoas manifestou ter problemas para gardar a bicicleta durante á noite.

Detectouse que respecto ao curso anterior, aumentou a percepción de empeoramento no estado das bicicletas emprastadas, porén a porcentaxe de persoas que fixeron algún arranxo das mesmas durante o curso foi máis reducido (do 32% no curso 2018/2019 e do 28% no actual), do que se pode entender que o estado gastado das bicicletas é o esperable despois de máis de 10 anos en uso continuado con diferentes persoas usuarias.

Durante o presente curso denunciouse o roubo de 3 bicicletas.

4. Conclusión

O servizo do préstamo de bicicletas preséntase como un instrumento eficaz para aumentar o número de usuarios deste medio de transporte dentro da comunidade universitaria, en especial no que se refire ao seu uso na cidade e tamén na mobilidade aos campus. As persoas usuarias sitúanse fundamentalmente entre o estudantado que cambia de domicilio durante o curso.

Os resultados desta análise indican que as persoas usuarias estimaron a posibilidade de obter de forma doada e a baixo custo unha bicicleta como unha boa oportunidade para comprobar a efectividade deste medio de transporte e medir tamén o uso real que poderían facer dela durante o ano académico.

Obsérvase que a pesar de manifestarse nos comentarios a dificultade de chegar aos campus por vías preparadas para a bicicleta, o número de persoas que utilizaron a bicicleta a diario para achegarse á UDC aumentou lixeiramente pero progresivamente nos últimos anos, quizais pola mellora no carril bici na cidade da Coruña.

Detéctase a conveniencia de completar o servizo de préstamo coa formación necesaria en canto a normas de circulación, ergonomía e mantemento da bicicleta, dado que a porcentaxe de novas persoas ciclo-usuarias é considerable, e tamén hai preconceitos como o derivado da climatoloxía entre as respostas.